

GYMKANA INAUGURACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR- CEIP IGREXA-CANDEÁN

Un curso máis comezará a funcionar a biblioteca escolar. Para inaugurar a súa posta en funcionamento así como dar a coñecer o PDI do centro levaremos a cabo a seguinte actividade.

É unha actividade de colaboración e investigación na que o alumnado interactuará en grupo cos compañeiros e compañeiras de todo o centro, así como co profesorado e o conserxe do mesmo.

Planificación da Gymnkana.

Dividimos ao alumnado en 7 grupos de 11 alumnos/as e 1 grupo de 10 alumnos/as que irán guiados por un/unha comandante (mestre/mestra). Cada grupo identificarase co nome dunha nave espacial e irán debidamente identificados (tarxeta identificación no peito de cada neno/a).

Constará de 7 probas que deberán superar (o comandante daralles o visto bo). Levarán unha tarxeta control na que o/a comandante apuntará a proba superada. Para acadar o obxectivo, unha peza da nave que unida ao resto de pezas dos demais grupos conformarán unha fantástica figura.

Probas:

- **Proba 1 (A Lúa)** o comandante dirixirá a súa nave (grupo de alumnos) ata a Lúa (lugar onde se leva a cabo a proba. Biblioteca. Alí deberán investigar quen é o autor ou autora do libro “A que sabe a Lúa” para iso terán unha ficha identificativa do propio libro
- **Proba 2 (Venus)** Na entrada do centro levarase a cabo esta proba. Deberán encontrar a imaxe do primer ser vivo que chegou ao espacio na Caixa espacial (Caixa que creamos con diversas imaxes) Terán información no panel para investigar cal foi o primer ser vivo en viaxar ao espacio.
- **Proba 3 (Saturno)** Deberán dirixirse a Saturno e conseguir montar o puzzle do universo (Aula de 1º e 2º)
- **Proba 4 (Xúpiter)** Dirixiránse á aula de 3º e 4º e deberán investigar cal é a nosa estrela e o noso satélite. Os maiores deberán guiar aos pequenos ata conseguir debuxar ambos astros, encargados de debuxar alumnos de 3,4 e 5 anos o resto só lle poden dar indicacións ou pistas.
- **Proba 5 (Marte)** Dirixiránse ao ximnasio no que deberán entre todos montar a palabra MARTE cos seus propios corpos tumbados no chan. Unha vez máis será o/a comandante o que determinará se superan a proba os seus tripulantes.
- **Proba 6 (Neptuno)** Dirixiránse ao patio cuberto no que deberán recitar o seguinte poema “CAndeanina viu a este mundo, dende o planeta Saturno” Ata que todo o grupo sexa capaz de recitar ao unísono o poema non superarán a proba.
- **Proba 7 (Terra)** Deberán buscar polos corredores o lema da Biblioteca e escribilo na ficha control.

Unha vez rematen todas as probas o comandante dirixirase xunto ao conserxe e lle entregará o seu premio (unha peza) que colocaremos na pista vermella creando a nave coa que o colexio viaxará ao espacio.

RECORRIDO XIMKANA INAUGURACIÓN BIBLIOTECA

NÚMERO DA PROBA	NOME	LUGAR DE REALIZACIÓN
1	A LÚA	BIBLIOTECA
2	VENUS	ENTRADA DO COLEXIO
3	SATURNO	AULA DE 1º E 2º
4	XÚPITER	AULA DE 3º E 4º
5	MARTE	XIMNASIO
6	NEPTUNO	PATIO CUBERTO
7	TERRA	CORRDORES DO CENTRO

Grupo 1 (NAVE ATLANTIS) Natalia comeza no seguinte orde: Proba 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7

Grupo 2 (NAVE ENDEAVOR) Alberto comeza no seguinte orde: Proba 2, 3, 4, 5, 6, 7, 1

Grupo 3 (NAVE DISCOVERY) Celia comeza no seguinte orde: Proba 3, 4, 5, 6, 7, 1, 2

Grupo 4 (NAVE CHALLENGER) Begoña comeza no seguinte orde: Proba 4, 5, 6, 7, 1, 2, 3


Grupo 5 (NAVE COLUMBIA) Paz comeza no seguinte orde: Proba 5, 6, 7, 1, 2, 3, 4

Grupo 6 (NAVE ENERGÍA) Virginia comeza no seguinte orde: Proba 6, 7, 1, 2, 3, 4, 5

Grupo 7 (NAVE SOYUZ) Sara comeza no seguinte orde: Proba 7, 1, 2, 3, 4, 5, 6


IMPORTANTE: Cada proba terá un tempo máximo de 15 minutos de realización. Se coinciden dous ou máis grupos na mesma proba (tráfico aéreo) os comandantes (mestres/as encargados/as do grupo) poranse de acordo en quen intenta superar a proba primeiro.

FICHA CONTROL DO VIAXE ESPACIAL




NOME DA NAVE			
PROBA1	PROBA 2	PROBA 3	PROBA 4
PROBA 5	PROBA 6	PROBA 7	

FICHA CONTROL DO VIAXE ESPACIAL



NOME DA NAVE			
PROBA1	PROBA 2	PROBA 3	PROBA 4
PROBA 5	PROBA 6	PROBA 7	





MISIÓN PLATURNO

